

OBRADOIRO DE FORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO “ACHÉGATE AO SUR”

Introdución

Este obradoiro vai dirixido a todas aquelas persoas que están interesadas en achegarse á análise das causas da pobreza; desexan ter un coñecemento máis amplo das relacións de desigualdade entre Norte e Sur; coñecer as propostas de cambio; potenciar o encontro intercultural; adquirir unha visión crítica da nosa realidade social e realizar prácticas solidarias.

O obradoiro "Achégate ao Sur" busca a participación activa das persoas que o realicen e preténdese que incorporen as súas expectativas e experiencias previas para que a aprendizaxe adquirida posibilite un proceso de crecemento persoal e social.

OBXECTIVO XERAL

Fomentar a comprensión e o exercicio dunha cidadanía global comprometida coa xustiza e a solidariedade na sociedade civil.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Ofrecer novos espazos de reflexión, intercambio e coñecemento das desigualdades Norte-Sur que favorezan a participación en propostas que promovan o encontro intercultural, a igualdade e a transformación social

Duración, calendario e prezo:

- **20 horas recoñecidas pola Universidade de Vigo** distribuídas en 5 sesións de 4h.
- Sesións: os **xoves** dende o 29 de outubro ata o 26 de novembro de 2015, das 16:00 ás 20:00 horas.
- Lugar: Centro Local de Emprego e das Ocupacións, rúa Oporto nº 1 (sala de reunións, 2º andar)
- Matrícula **gratuíta**.

PROGRAMA

29 de outubro

PRIMEIRA SESIÓN: Desde onde miramos a realidade (Tempo de Loira, S. Coop. Galega)

1. Presentar o obradoiro Achégate ao Sur.
2. Introducir os contidos do obradoiro a través da reflexión sobre as relacións Norte-Sur, a pobreza no mundo e a interculturalidade.

Análise de desigualdades Norte – Sur

1. O mundo patas arriba, cal é a novidade?
2. Os rostros da desigualdade
3. Signos de esperanza

5 de novembro

SEGUNDA SESIÓN: Teorías de Desenvolvemento e políticas de Cooperación Internacional (José Medina Mateos, UAM e Alianza Española contra a Pobreza)

1. Orixes e evolución do concepto de desenvolvemento
2. Enfoque sociolóxico: teorías do desenvolvemento e da axuda
3. Tendencias da cooperación ao desenvolvemento

12 de novembro

TERCEIRA SESIÓN: Xénero e Desenvolvemento (Paz Caínzos)

1. Sistema Sexo-Xénero
2. Identidade de xénero
3. Situación das Mulleres no Mundo e Desenvolvemento Humano

19 de novembro

CUARTA SESIÓN: Axenda post2015 e ODS (Marcos Ulloa, Universidade de Vigo)

1. A sostibilidade ambiental e os ODS
2. A transversalización dos Dereitos Humanos nos ODS
3. A coherencia de políticas

26 de novembro

QUINTA SESIÓN: Cidadanía, Participación e Estilos de vida (Xosé Cuns, EAPN Galicia)

1. O concepto de solidariedade, hoxe.
2. Cidadanía e participación social
3. E nós, que podemos facer?

METODOLOXÍA EDUCATIVA

Danse dous eixes centrais da nosa metodoloxía. Ambos os dous dende unha perspectiva participativa e constructivista, posto que serán os propios participantes os que constrúan o coñecemento de xeito conxunta a partir de inputs baseados fundamentalmente na súa experiencia reflexionada.

É polo tanto unha proposta que se enmarca dentro dunha perspectiva constructivista da formación, posto que pretende partir da experiencia para establecer un proceso de reflexión cara a un tema concreto e motivar a acción, que finalmente rematará nun espazo de avaliación que permitirá reformular a acción, ao mesmo tempo que ofrecerá novos elementos que axudarán a iniciar este ciclo con novos elementos para a reflexión.

O modelo didáctico que caracterizará cada unha das fases e actividades que se leven a cabo na posta en marcha do proxecto segue o seguinte proceso secuencia:

- **EXPERIENCIA:** Por unha parte, supón o reto de partir da práctica, da vivencia dos propios participantes. Supón iniciar o itinerario dende a toma de conciencia persoal e colectiva para ser despois capaces de achegarse a outras realidades dende miradas horizontais. Por outra parte, supón tamén un enfoque socio-afectivo, un camiño pedagóxico que non só implica o cognoscitivo, senón tamén todas as dimensións da persoa e o grupo. Iso lévanos a utilizar actividades que, xunto a un achegamento cognoscitivo á realidade, permitan aos participantes percibir un sentimento de natureza afectiva e mobilizadora de visións previas. Para iso é necesario utilizar tanto a experiencia, a imaxinación, os sentimentos..., a través das simulacións, as representacións, o uso de materiais audiovisuais e outros recursos semellantes.
- **REFLEXIÓN:** Reflexionar sobre aquilo do que tomamos conciencia supón relacionar o que " me " pasa co que " nos " pasa, dar un salto do individual ao colectivo. Aprender a analizar a realidade, a reflexionar a experiencia permítenos vincular o local ao global e entender o sistema de relacións complexas que sustentan un mundo que nin no próximo nin no afastado é xusto en moitas das súas manifestacións. Coa reflexión aprendemos a relacionar causas con efectos.
- **ACCIÓN:** Este aspecto refírese ao crecemento humano interior baseado na experiencia sobre a que se reflexionou, así como á súa manifestación externa. Por este motivo, espérase que a acción se de en dous niveis: a) Unha opción persoal. b) Unha opción que se manifesta ao exterior e que se articula con outros e outras. A "acción" non é o activismo: é a expresión concreta do compromiso por xerar sociedades inclusivas, por construír unha democracias participativa e non só representativa, por exercer o dereito a exercer a cidadanía.
- **AVALIACIÓN:** Consideramos importante propiciar espazos de avaliación e autoavaliación das accións realizadas, posto que consideramos que este tamén constitúe un espazo de formación e de reafirmación dos contidos e compromisos adquiridos.